

ARTE ROMÁNICA

OBRA: PORTADA DE PRATERÍAS (ESCULTURAS)

AUTOR: Mestre Estebo, Mestre da Traizón, Mestre do Cordeiro

CRONOLOXÍA: SS.XI-XII (1070-1188)

TIPOLOXÍA: Relevo e figuras exentas adosadas

MATERIAL: Granito e mármore

ESTILO: Románico pleno

TEMA: Escenas do Novo Testamento que aluden á dobre natureza de Cristo

LOCALIZACIÓN: Pórtico Sur da Catedral de Santiago de Compostela



DESCRICIÓN FORMAL E TEMÁTICA

Tamén chamada Porta da Redención, enlaza e desenvolve o programa iniciado na fachada Norte. O seu estudo presenta moitas dificultades, xa que é incoherente ao acumular pezas de diferentes presupostos estilísticos. Acolle pezas correspondentes á antiga portada Norte, e ademais destes engadidos, recibe outras da antiga fachada románica occidental (pés da construción, Bernardo o Mozo). A maioría dos historiadores coincide en salientar a existencia dun programa iconográfico conxunto para todas as portadas do edificio referido á redención e á salvación do home, no que tería un papel importante a peregrinación (temas que se acaban misturando nesta porta).

Os dous tímpanos fan alusión ao tema da dobre natureza de Cristo, porén, globalmente, a iconografía resulta confusa, pola estraña disposición das figuras e o posterior engadido de elementos, producindo así unha suma de artistas (catro polo menos) e temas diferentes. Nótase que a descrición que do conxunto realizou o Códice Calixtino non cadra na súa totalidade ecos restos actuais.

A organización da fachada é (de arriba abaixo):

- Dous vans abucinados e con arcos lobulados.
- Cornixa con canzorros, entre os cales, a xeito de metopas, vai decoración de tipo floral en círculos.
- Friso cheo de figuras colocadas cun certo desorde.
- Dobre porta abucinada.
- Dous tímpanos: o esquerdo, coa Natureza divina, do Mestre Estebo, e o dereito, coa Natureza humana, do Mestre da Traizón.
- Outras figuras e relevos decoran columnas e contrafortes laterais.

En canto ao programa iconográfico, atópanse:

- Dúas arcadas abucinadas: tres arquivoltas lisas de medio punto, que están separadas por un gran pilar con columniñas encostadas, tres a cada lado e cinco no centro, con capiteis vexetais e un alto podio. As dúas dos extremos e a central son de mármore e historiadas con relevos (figuras baixo arco de tradición bizantina). As demais alternan fustes lisos e retorcidos.
- Xambas, con algunhas esculturas encostadas: na xamba da dereita, figura de muller e león e debaixo muller e galo.
- Nos contrafortes laterais hai tres figuras a cada lado: á esquerda de arriba abaixo, Cristo bendecendo, Creación de Adán e David; á dereita, Creación de Eva, Pantocrátor, sacrificio de Isaac.
- Tímpano da dereita: Natureza humana de Cristo (Infancia e Paixón de Cristo). Autor: Mestre da Traizón. Abaixo: Paixón de Cristo (prendemento, Cireneo, flaxelación, coroación de espiñas, curación do cego). Arriba: Epifanía (anuncio dos pastores, adoración dos Magos, Anxos).
- Tímpano da esquerda: Natureza divina de Cristo (vitoria de Cristo sobre o pecado). Autor: Mestre Estebo. Escenas: Tentacións de Cristo no deserto, muller adúltera, outras pezas engadidas en desorde.
- Friso: conxunto desordeado de figuras, en mármore e granito. Algunhas amosan estilisticamente unha evolución significativa e quizais sexan obra dun discípulo do chamado Mestre de Platerías. Eixo central de arriba abaixo: Santiago, Cristo bendecendo, home saíndo dun sartego rodeados por dous anxos con trompetas, pequena figura, Crismón, dous leóns enfrontados. Á esquerda: varios apóstolos, centauro (pode ser un símbolo do zodíaco, Saxitario), expulsión do Paraíso, Anxo trompeteiro. Á dereita: seis figuriñas de nenos (do coro do mestre Mateo), apóstolos, Virxe do leite, serea cun peixe na man (Piscis), Anxo trompeteiro.

Con respecto ás características formais das esculturas, atópanse tres mestres diferentes que traballaron en Praterías:

- **Mestre Estebo.** O principal, o de maior calidade e personalidade. As referencias ao mundo clásico e algúns outros trazos estilísticos o relacionan con outras obras realizadas ao longo do camiño francés. Atribúenselle: a Creación de Adán, o Rei David, a Adúltera (ou Eva) e mozo sobre un león. Características:
 - o Todas as súas figuras presentan os mesmos rasgos faciais: ollos grandes, abultados e redondos, meixelas hinchadas, beizos grosos que dan expresividade e vida.
 - o O cabelo sempre o trata con mechóns soltos caendo as puntas en efectos rítmicos (farán escola).
 - o Coidado estudo das anatomías, conquista importante para ese momento. Anatomía realista resaltando: tibias, nocellos e pulsos. Torsos e pernas robustas.

- Roupaxes: abundantes pregues formando ondas paralelas, en U (lembra aos panos mollados). Son como a signatura do mestre.
- Tendencia a cruzar as pernas en aspa.
- As figuras inscribíense nun esquema xeométrico, un rombo.
- **Mestre do Cordeiro.** Xa que traballou na Porta do Cordeiro de San Isidoro de León. É o autor do Pantocrátor –que presidía a Porta da Acibecheira-, e a Expulsión do Paraíso, entre outras. Caracterízase polas formas xeometrizadas arcaizantes sometidas á frontalidade. Características:
 - Estilo caracterizado polos volumes xeometrizados e moi pulidos, aínda que monótonos e inexpresivos.
 - Rostros semellantes aos do Mestre Estebo (ollos avultados, beizos grosos, meixelas hinchadas), pero carentes de vida.
 - Pregues cilíndricos e expresión inxenua e popular (moi alonxados de Estebo).
 - O máis cercano ao mestre Estebo é a tendencia ao vulto redondo.
- **Mestre da Traizón.** Realiza o tímpano dereito (o nome ven da escena do prendemento, “traizón” de Xudas). Varios apóstolos do friso (arriba á esquerda), anxos con trompetas, Maxestade do contraforte oriental. Características:
 - Case de vulto redondo (conquista importante para este momento). As figuras case sempre en tres cuartos, tenden a separarse das placas, e, nalgúns delas, os brazos e as pernas están exentas, deixando entre si espazos moi excavados.
 - Figuras de canon curto.
 - Pupilas excavadas, moi expresivas; bigotes coas guías cara arriba dando unha expresión inxenua e popular; e pregues grosos de sección cilíndrica. Tosco e pouco expresivo e co predominio do narrativo.

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Cara a 1100 proxéctase un programa iconográfico completo para as tres portadas que representarían en conxunto toda a Historia da Humanidade: creación, pecado e promesa de redención. Aínda así nunca chegou a executarse completamente e ademais, a primitiva fachada do Paraíso, tamén chamada Francixena –hoxe Acibecheira- foi destruída por un incendio. As fachadas da Acibecheira e de Praterías presentaban a mesma disposición, dúas portas, coas súas correspondentes arquivoltas e tímpanos, que se abren á nave central do transepto e os seus repertorios iconográficos se complementaban. No pórtico Sur o tema é a natureza humana e divina de Cristo, mentres que no pórtico Norte o tema era o Xénese, a orixe do xénero humano.

FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

Tecnicamente, a románica é unha escultura que, agás excepcións, emprega a técnica do relevo. Aparece supeditada á arquitectura, polo tanto, é monumental. Cara a finais do S.XI a constitución definitiva da gran igrexa románica vai acompañada da aparición de dúas manifestacións esenciais da arte medieval: a gran portada e o claustro historiado, da que estas portas son un claro exemplo.

Os séculos do Románico caracterízanse por unha marcada carga espiritual que localiza o seu cénit en torno ao ano mil e ao terror que daquela se desatou coas especulacións sobre a fin do mundo. Unha vez pasada esa data, unha vaga de acción de grazas estendeuse por Europa. A igrexa utilizou a escultura para facer chegar aos fieis a mensaxe da salvación e a necesidade do arrepentimento. Os seus temas máis

habituais eran apocalípticos: o peso das almas, o Xuízo Final, nas representacións se procura destacar a conciencia viva do pecado, o medo á condeación.

Estas “Biblias en pedra” estaban dirixidas para que os fieis leran en imaxes os acontecementos bíblicos e as esceas celestes que, polo baixísimo nivel cultural da época, non podían coñecer máis que pola predicación oral e esa visualización das igrexas. A mensaxe expoñíase naqueles lugares nos que podía ser vista por un maior número de fieis (tímpanos, capiteis da nave). O seu carácter didáctico dotou ás representacións dunha serie de características fácilmente interpretables polos homes deses tempos. Era unha linguaxe plástica comprensible de inmediato, os símbolos estaban moi definidos: marcábanse os contrastes. A súa función é didáctica e o seu significado e temática está en relación con ela, e para acadar esa transmisión de ideas empréganse como medios:

- Deformación das imaxes buscando a expresividade e o simbolismo (esaxeración de formas, corpos desproporcionados con ollos, pes, mans agrandados, figuras estiradas ou reducidas, adaptándose ao marco arquitectónico).
- Ausencia de volumen e representación do espazo.
- Repetición de esquemas e tipos iconográficos fixos. A figura humana ten un tratamento xenérico. Isocefalia.
- Perspectiva xerárquica (relación do tamaño das figuras co rango espiritual).
- Roupaxes que non traslocen a anatomía.
- Frontalidade, hieratismo.
- Tendencia á simetría, á rixidez e *horror vacui*.

MODELOS E INFLUENCIAS

Pola súa cronoloxía, é a primeira gran fachada monumental conservada do Románico Pleno. A mensaxe que as xentes podían ler sobre os muros do templo tiña unha clara misión catequética. Aquí, unha vez máis, o programa iconográfico facía unha amplísima referencia ao tema redentor do ciclo cristolóxico, sen que o programador esqueza utilizar temas populares cun estrito sentido moralizador. No Codex Calixtino, ao describirmos o significado das imaxes da fachada de Platerías, detense na figura dunha muller que ocupa un lugar nun dos tímpanos: “...xunto á tentación do Señor está unha muller sostendo entre as súas mans a cabeza putrefacta do seu amante, cortada polo seu propio marido, quen a obriga dúas veces por día a bicala. Oh, cuan grande e admirable castigo da muller adúltera para contalo a todos!”.

CONCLUSIÓN

A fachada de Platerías é unha mostra da importancia dos obradoiros itinerantes na formación de mestres escultores. A base técnica de partida do mundo románico é moi rudimentaria, limitada aos relevos e dunha simplicidade notoria, porén, grazas ao intercambio favorecido polos movementos masivos de poboación, certas formas máis perfeccionadas de traballar a pedra fóronse impoñendo, e a escultura románica foise perfeccionando a medida que maduraba o estilo. Cada mestre presenta unha peculiaridade na súa forma de traballar a pedra, pero todos eles amosan as características propias da escultura románica: condicionamento do marco, xustaposición das figuras, desproporción, isocefalia, colocación espacial incorrecta, falta de naturalismo.

Pero, aínda que a técnica empregada por todos eles é habitual neses tempos, o programa iconográfico das portadas non o é tanto. O Pantocrátor xa non centra a composición, senón que ámbolos dous tímpanos presentan escenas que aluden á vida e á paixón de Cristo. O tema non é apocalíptico. É pois unha maneira distinta de enfocar a relixión, unha vez superado o ano mil. Este cambio aprézase moito máis evidentemente no Pórtico da Gloria.